

BASES DO I PREMIO SON DIXITAL

INTRODUCCIÓN

[CeMIT-Innova](#) é un proxecto colaborativo posto en marcha pola AMTEGA para o fomento da Innovación Social Dixital en Galicia, no marco do [Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020](#) e aliñado coa [Axenda Dixital 2020](#) da Xunta de Galicia.

Este proxecto impulsa unha nova forma de traballar desde a Rede de Aulas CeMIT, ás que damos protagonismo dentro da súa contorna local, co obxectivo de que innovadores/as, usuarios/as e comunidades locais, colaboren utilizando as tecnoloxías dixitais para co-crear coñecemento e solucións para unha ampla gama de retos e necesidades sociais, nunha escala que antes das TIC e Internet era inimaxinable.

O *I Premio Son Dixital* busca visibilizar e recoñecer o traballo realizado polos aliados e aliadas dixitais, persoas e/ou organizacións que participaron nas iniciativas CeMIT-Innova desenvolvidas entre os anos 2015 e 2017, destacando aquelas que lograron - grazas ao uso da tecnoloxía - transformar a vida dos seus protagonistas. O Premio, que contará ademais con **dous accésit**, supón tamén o recoñecemento ao traballo e implicación de dinamizadores, axentes TIC e entidades aliadas, impulsores de cada un dos proxectos de Innovación Social Dixital.

BASES DO PREMIO

PRIMEIRA: OBXECTIVOS

- Difundir o traballo colaborativo [das persoas que participan nos proxectos CeMIT-Innova](#) e motivarlles a seguir superando etapas e adquirindo competencias que lles permitan desenvolverse con éxito na Sociedade da Información.
- Premiar o [impacto dos proxectos CeMIT-Innova](#) e a súa capacidade para transformar a vida dos seus participantes, a través do uso da tecnoloxía que estes impulsan.
- Recoñecer o labor e o traballo desempeñado polas persoas voluntarias, que de forma colaborativa deron resposta ao desafío social exposto nos proxectos.

SEGUNDA: PRAZOS DA CONVOCATORIA

O prazo para presentar as candidaturas como proxecto piloto ao *I Premio Son Dixital* abrírase do **23 de outubro ao 10 de novembro de 2017**, ambos días inclusive.

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

A presentación de candidaturas a este premio, estará aberta á calquera persoa que forme parte do proxecto (concellos, técnicos/Axentes TIC, usuarios e usuarias, e entidades aliadas dixitais).

Cada participante deberá presentar - a modo de candidatura - algún documento que avale a proposta presentada: desde unha vídeo/entrevista sinxela e breve á/s persoa/s protagonistas da candidatura, a un arquivo de audio (tipo *Podcasts*) ou un informe explicativo da proposta presentada, que servirán á organización do premio para avaliar o traballo realizado.

Para inscribir a candidatura, o promotor da mesma deberá cumprimentar o modelo de inscrición que atopará na dirección: <https://cemit.xunta.gal/gl/cemit-innova>. Tras a inscrición, desde a conta de correo electrónico: faitedixital.amtega@xunta.es remitirase un correo de confirmación (ao e-mail facilitado no formulario), formalizándose desde ese momento a inscrición da candidatura no concurso.

Desde esta dirección de correo electrónico, resolveranse tamén as dúbidas expostas en relación co concurso..

CUARTA: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Son Dixital, premiará o traballo realizado polas persoas que participan nas iniciativas CeMIT-Innova, destacando aquelas que lograron - grazas ao uso da tecnoloxía - transformar a vida dos seus protagonistas e do seu entorno local. Se recoñecerá así o impacto, tanto cuantitativo como cualitativo, na resposta ofrecida ao desafío inicial do proxecto de innovación social dixital, no que estas persoas participan, así como o número e calidade de resultados tanxibles obtidos, as estratexias de comunicación empregadas e a sustentabilidade e capacidade de transferencia metodolóxica a outras Aulas da Rede CeMIT.

Criterios que se considerarán na valoración das candidaturas presentadas:

- Nivel de implicación da persoa/entidade candidata no desenvolvemento da iniciativa.
- Calidade da súa participación no proxecto.
- Impacto do proxecto no que participa. Alcance cuantitativo (participación social) e cualitativo (repercusión e impacto social do piloto):
 - Número de persoas usuarias da aula CeMIT implicadas no proxecto.
 - Número de persoas da contorna local da aula CeMIT que participan.
 - Número de colaboracións xeradas no marco do proxecto.
 - Uso da tecnoloxía e internet.
 - Estratexias de comunicación e difusión empregadas ao longo do proxecto.
 - Sustentabilidade e capacidade de transferencia metodolóxica a outras Aulas da Rede CeMIT.
- Número e calidade de resultados tanxibles obtidos. Utilidade colectiva dos resultados/logros alcanzados polo proxecto presentado.

QUINTA: DOTACIÓN

Establécese un premio para a candidatura gañadora e ata dous accésit. Os premios terán preferentemente carácter tecnolóxico. No caso de que o proxecto gañador fose desenvolvido por varias persoas, pertencentes a máis dunha Aula CeMIT, se premiará a estes de forma conxunta, mediante un só regalo tecnolóxico de interese para todos eles.

SEXTA: FALLO DO PREMIO

O Premio Son Dixital fallaranse o **xoves 16 de novembro de 2017**.

SÉTIMA: DIFUSIÓN

As candidaturas premiadas daranse a coñecer tanto a través da páxina Web do proxecto: <https://cemit.xunta.gal/gl/cemit-innova> como das canles dixitais habilitadas (Twitter, Facebook, Google+). A organización, á súa vez, resérvase o dereito para difundir as iniciativas e/ou produtos presentados, a través das canles e medios que considere oportunos.